

Poboación

Poboación de Galicia e España a 1 de xullo de 2022

	Poboación a 1 de xullo de 2022	Poboación a 1 de xaneiro de 2022 (*)	Saldo			
			Vexetativo	Migratorio exterior	Migratorio interior	Saldo total
Galicia	2.693.451	2.691.456	-10.651	12.106	622	2.077
España	47.615.034	47.432.893	-75.409	258.547	0	183.138



Fonte: INE / (*) Salvo o dato de poboación ao inicio do período, todos os datos son provisionais

Os datos facilitados polo INE sobre a evolución da poboación no primeiro semestre de 2022 indican que neste período Galicia aumentou a súa poboación en máis de 2.000 persoas -incremento do 0,08%, e que contrasta cos descenso rexistrados nos primeiros trimestres de 2020 e 2021-, aínda que segue por baixo dos 2.700.000 habitantes. Dito cambio na tendencia produciuse a pesares de que o saldo vexetativo en Galicia

para este semestre foi máis negativo que os rexistrados nos primeiros semestres de 2020 e 2021, e débese case de xeito íntegro ao incremento producido no saldo migratorio exterior, que superou as 12.000 persoas, saldo que supera en 10.500 persoas ao que se rexistrou no primeiro semestre de 2021. Pola súa banda, o saldo migratorio interior, aínda que se mantivo en valores positivos, reduciuse respecto ao saldo rexistrado nos primeiros semestres precedentes. Como xa acontecera no primeiro semestre de 2021, Galicia é unha das seis Comunidades autónomas nas que se incrementan os dous saldos migratorios.

O dato provisional de poboación en España a 01.07.2022 indica un incremento estimado do 0,38%. Este incremento débese tamén ao bo dato do saldo migratorio exterior, o máis positivo para un primeiro semestre nos últimos 15 anos. No que atinxe ao saldo vexetativo, foi máis negativo que o rexistrado no primeiro semestre do pasado ano, e coa excepción do primeiro semestre de 2020 foi o máis negativo dos últimos dez anos.

Produto interior bruto



Variación interanual porcentual do PIB (Índices de volume encadeados, referencia ano 2015=100. Datos corrixidos de estacionalidade e calendario) Galicia-España 2016-2022

	% (T/T-4)	2016	2017	2018	2019	2020	2021	1T16	2T16	3T16	4T16	1T17	2T17	3T17	4T17	1T18	2T18	3T18	4T18	1T19	2T19	3T19	4T19	1T20	2T20	3T20	4T20	1T21	2T21	3T21	4T21	1T22	2T22	3T22
Galicia		3,4	2,0	3,0	1,1	-8,9	5,2	3,8	3,3	4	2,6	1,8	2	2	2,1	3,0	3,5	2,5	3,1	2,4	1,0	0,7	0,5	-4,2	-17,8	-6,5	-6,8	-2,3	15,3	4,2	5,0	5,1	5,2	2,5
España		3,0	3,0	2,3	2,1	-11,3	6,1	3,7	3,0	3,0	2,5	2,6	3,2	3,0	3,0	2,6	2,2	2,1	2,2	2,4	2,2	1,9	1,5	-4,7	-21,9	-9,2	-9,5	-4,4	17,9	4,2	6,6	6,7	7,6	4,4

Fuentes: INE (Contabilidade Nacional Trimestral), IGE

No terceiro trimestre de 2022 o PIB galego mantívose constante respecto do trimestre anterior, o cal levou a variación do PIB galego en termos interanuais a baixar 2,7 puntos e ficar no 2,5%. Pola súa banda, e logo de que o crecemento intertrimestral do PIB español acadase o 0,1% (a previsión fóra do 0,2%), a variación do PIB interanual rexistrada en España foi do 4,4% (a previsión fóra do 3,8%), 3,2 puntos porcentuais menor ao último valor rexistrado na serie.

O Gráfico 1 amosa a evolución da variación porcentual do PIB interanual e permite facernos unha idea da magnitude do impacto da pandemia na actividade económica galega e española. Con todo, e por terse producido variabilidades extremas trimestre a trimestre que dificultan a interpretación da evolución do PIB, engadimos no Gráfico 2. Este gráfico recolle a evolución do índice de volume encadeado en termos absolutos e aporta unha mellor perspectiva da diminución real da actividade económica e, sobre todo, da recuperación xa producida e do que falta ata que o volume das economías galega e española amosen os valores rexistrados con anterioridade á chegada da pandemia. Así, e tomando como referencia o dato do índice de volume encadeado en Galicia para o conxunto de 2019 (que, logo do último cambio metodolóxico levado a cabo durante o ano 2021 fica en 109,80), ao peche do terceiro trimestre de 2022 o volume da actividade económica galega ficaba xa por riba do nivel medio de 2019 nun 1,27% e un 0,44% por riba do último trimestre anterior á pandemia. No caso de España, o valor do índice para o conxunto de 2019 pasa a ser do 110,68 tras as últimas actualizacións, o que fai que no terceiro trimestre de 2022 o volume de actividade económica en España sexa un -0,71% inferior ao de entón.

O avance do PIB galego para o cuarto trimestre prevé, por segundo trimestre consecutivo que se manteña constante en termos intertrimestrais e que medre un 1,9% en termos interanuais. Respecto ao avance do PIB estatal para o cuarto trimestre de 2022 a previsión é dunha suba do 0,2% porcentuais en termos intertrimestrais que, en termos interanuais, levaría ao PIB estatal interanual a un crecemento do 2,7%.

Poboación activa, paro rexistrado, contratación, afiliación media á Seguridade Social

Valores Poboación Activa Galicia-España, 4º Trimestre 2022

	Trimestre actual	Variación trimestre anterior		Variación mesmo trimestre ano anterior	
		Diferenza	Porcentaxe	Diferenza	Porcentaxe
Galicia	1.235,9	-12,7	-1,0	9,5	0,8
España	23.487,8	-38,1	-0,2	199,0	0,9

Fonte: Encuesta de Población Activa - INE (datos en miles)

A Encuesta de Población Activa (EPA) do cuarto trimestre de 2022 indica unha redución da **poboación activa** galega de -12.700 persoas (o -1,0%) respecto do anterior, redución de maior intensidade á rexistrada en España no período (-0,2%). En termos interanuais, a poboación activa galega incrementouse nun 0,8%, cun crecemento de 9.500 persoas

respecto do cuarto trimestre de 2021. En España o incremento foi lixeiramente superior en termos porcentuais (o 0,9%).

O número de persoas ocupadas en Galicia diminuíu neste trimestre respecto do anterior logo dunha redución de -9.200 persoas (o -0,8%, por riba da media española onde a redución foi do -0,4) e aumentou en 13.200 respecto do terceiro trimestre de 2021 (o 1,2%, incremento lixeiramente menor do incremento medio en España do 1,4%). Estes datos levan a taxa de ocupación en Galicia no cuarto trimestre de 2022 ata o 47,1%, taxa inferior en catro décimas á do trimestre anterior e inferior en -3,9 puntos porcentuais á taxa do 51,0% rexistrada en España no mesmo período, co cal o diferencial da taxa de ocupación Galicia-España mantívose constante neste trimestre respecto do anterior. Para rematar coa análise da EPA do cuarto trimestre de 2022, Galicia pecha 2022 con 131.400 persoas en paro logo de que se reduciara en -3.500 persoas no trimestre, mentres que as persoas en paro en España aumentaron no trimestre en 43.800 que fan que o paro en España volva a superar os 3 millóns de persoas. Respecto do sucedido fai catro trimestres, o paro diminuíu en Galicia en termos interanuais en -3.700 persoas co cal, Galicia pasa de ser a Comunidade na que máis aumentou o paro en doce meses, segundo se recollía na anterior EPA, a rexistrar unha diminución do paro por riba da media española, logo de que en España o paro se reduciara en -79.900 persoas (unha redución do -2,6% en España fronte a unha redución en Galicia do -2,7%). Deste xeito, a taxa de paro en Galicia fica no 10,6% e en España faino no 12,9%.

Os Boletins mensuais do paro rexistrado publicados ao remate do cuarto trimestre amosan que o **paro rexistrado** reduciuse no -1,3% (1.887 persoas) respecto do final do terceiro trimestre. Deste xeito, 2022 remata con -10.362 persoas rexistradas como paradas menos respecto do peche de 2021, o


que supón unha redución do paro rexistrado do -6,8% (-8.945 persoas). Así, o *Gráfico 3*, -que recolle a porcentaxe de variación interanual do paro rexistrado, e no cal os meses dos cuartos trimestres de cada ano recollido aparecen sinalados en cor canela- amosa que o paro rexistrado leva 21 meses consecutivos de redución e que, logo de que durante case que un ano esa redución viñese sendo máis cativa mes a mes, a desaceleración na redución do paro rexistrado deu paso nestes tres meses a unhas reducións constantes na contorna do 6,5-6,8%.

Por sexos, e en contraste co acontecido co trimestre anterior, neste trimestre diminuíu a diferenza entre o número de homes e mulleres rexistrados como parados, logo de pasar de case 26.000 a preto de 22.500 máis mulleres rexistradas como paradas fronte ao número de homes. A porcentaxe de mulleres rexistradas como paradas sobre o total reduciuse en máis dun punto, desde o 59,0% ao 57,9%. Porén, e respecto da situación rexistrada ao remate de 2021, esta porcentaxe do 57,9% supera en tres décimas ao dato rexistrado ao remate de 2021 (57,6%).

Paro rexistrado en Galicia por xénero e idade. 4º Trimestre 2022

4T22	Mes actual			variación mes anterior			%variación mes anterior			variación mes ano anterior			%variación mes ano anterior		
	outubro	novembro	decembro	outubro	novembro	decembro	outubro	novembro	decembro	outubro	novembro	decembro	outubro	novembro	decembro
TOTAL	143.720	142.758	142.222	-389	-962	-536	-0,3%	-0,7%	-0,4%	-10.325	-9.989	-10.362	-6,7%	-6,5%	-6,8%
Homes	59.512	59.459	59.848	434	-53	389	0,7%	-0,1%	0,7%	-4.145	-4.008	-4.895	-6,5%	-6,3%	-7,6%
Mulleres	84.208	83.299	82.374	-823	-909	-925	-1,0%	-1,1%	-1,1%	-6.180	-5.981	-5.467	-6,8%	-6,7%	-6,2%
<30 anos	16.631	16.706	15.747	263	75	-959	1,6%	0,5%	-5,7%	-2.396	-2.098	-2.002	-12,6%	-11,2%	-11,3%
entre 30 e 44 anos	42.460	41.905	42.026	-691	-555	121	-1,6%	-1,3%	0,3%	-5.191	-4.839	-4.828	-10,9%	-10,4%	-10,3%
>44 anos	84.629	84.147	84.449	39	-482	302	0,0%	-0,6%	0,4%	-2.738	-3.052	-3.532	-3,1%	-3,5%	-4,0%
Agricultura e Pesca	4.751	4.774	4.818	-25	23	44	-0,5%	0,5%	0,9%	-693	-734	-920	-12,7%	-13,3%	-16,0%
Industria	15.016	14.789	15.107	-32	-227	318	-0,2%	-1,5%	2,2%	-2.103	-2.027	-1.964	-12,3%	-12,1%	-11,5%
Construción	9.871	9.924	10.266	-74	53	342	-0,7%	0,5%	3,4%	-899	-828	-1.133	-8,3%	-7,7%	-9,9%
Servizos	102.143	101.278	100.323	-831	-865	-955	-0,8%	-0,8%	-0,9%	-6.146	-6.024	-6.209	-5,7%	-5,6%	-5,8%
Sen emprego anterior	11.939	11.993	11.708	573	54	-285	5,0%	0,5%	-2,4%	-484	-376	-136	-3,9%	-3,0%	-1,1%

Fonte: Boletín mensual de paro rexistrado , Consellería de Emprego e Igualdade Xunta de Galicia



foi o único no que houbo redución do paro rexistrado cada mes, e o único para o que se produciu unha redución neta do paro no global do trimestre. Ao analizar a evolución por sectores do paro rexistrado en termos interanuais, o mellor comportamento tivo o sector agrícola-pesqueiro seguido do industrial, sectores para os que a redución superou os dous díxitos en 2022 (-16% e -11,5%, respectivamente) mentres que no sector industrial e no grupo de persoas sen emprego anterior (este último con unha redución de apenas o -1,1% en 2022 fronte á redución do -25,2% de 2021) a redución foi inferior á redución media.

Datos de contratación en Galicia por xénero, idade, tipo de contrato e sector. 4º Trimestre 2022

	Trimestre actual	Var. trimestre anterior	% Var. trimestre anterior	Var. trimestre ano anterior	% Var. trimestre ano anterior
4T2022	185.420	-54.091	-22,6%	-64.910	-25,9%
Homes	92.881	-30.465	-24,7%	-35.726	-27,8%
Mulleres	92.539	-23.626	-20,3%	-29.184	-24,0%
<30 anos	59.784	-25.454	-29,9%	-18.781	-23,9%
entre 30 e 44 anos	71.714	-15.783	-18,0%	-29.266	-29,0%
>44 anos	53.922	-12.854	-19,2%	-16.863	-23,8%
Indefinido	60.436	-19.290	-24,2%	33.755	126,5%
Temporal	117.758	-33.765	-22,3%	-102.049	-46,4%
Prácticas / Formación	2.832	1.123	65,7%	-55	-1,9%
Otros	4.394	-2.159	-32,9%	3.439	360,1%
Agricultura e Pesca	5.342	-4.665	-46,6%	-1.631	-23,4%
Industria	28.805	-7.724	-21,1%	-13.474	-31,9%
Construción	6.657	-2.549	-27,7%	-3.578	-35,0%
Servizos	144.616	-39.153	-21,3%	-46.227	-24,2%

Fonte: Boletín Mensual de Contratación , Consellería de Emprego e Igualdade

no cuarto trimestre de 2021 en case o -26%. Os 185.420 novos contratos rexistrados representan o menor número de novos contratos dos seis últimos anos neste trimestre.

Tanto se analizamos por sexos, idades, sectores, e xa o fagamos respecto a fai un ou catro trimestres, o número de contratos para cada variable viuse reducido (non así se atendemos á evolución por tipos de contrato, que trataremos máis adiante). Ao analizar a evolución por sexos nos novos contratos vemos que o descenso na contratación neste trimestre deuse máis entre os homes que entre as mulleres: así, o número de novos contratos asinados por homes e por mulleres no cuarto trimestre foi case idéntico, con tan só 342 contratos máis no caso dos homes no total do trimestre, co cal a diferenza de novos contratos entre sexos foi moi inferior á do terceiro trimestre e á do derradeiro trimestre de 2021. Deste xeito, a redución intertrimestral nos contratos asinados por homes superou en 3,4 puntos porcentuais á redución entre as mulleres, e en 3,8 puntos con respecto ao acontecido fai catro trimestres.

Por rangos de idade, e respecto do terceiro trimestre, o descenso da contratación foi especialmente máis significativo entre persoas menores de 30 anos, entre quen a contratación diminuíu máis de 10 puntos porcentuais que entre os outros dous grupos de idade considerados. Isto contrasta coa evolución comparada entre cartos trimestres, xa que naquel caso foron os contratos entre persoas de 30 a 44 anos os que diminuíron máis porcentualmente (neste caso hai cinco puntos porcentuais de diferenza entre o descenso rexistrado en este grupo que nos outros dous)

O análise da contratación por sectores indica que cada sector, respecto de cada período de referencia, viu rebaixado o número de novos contratos en máis do -20%. Hai que destacar o acontecido no sector da construción, por ser o único dos catro no que a diminución da contratación superou a media da diminución para cada período, sendo ademais o sector que amosa máis retroceso na contratación respecto ao acontecido no cuarto trimestre de 2021. Se comparamos respecto ao que sucedeu no pasado trimestre, é o sector agrícola-pesqueiro o que rexistra unha diminución máis acusada (dun -46%).

Se atendemos aos distintos tipos de contrato asinados hai que destacar que, logo de se rexistraren fortísimos incrementos no número de novos contratos indefinidos no primeiro semestre e de que no terceiro trimestre do ano o número de novos contratos deste tipo reducírase no -4,4%

Ningún dos distintos grupos de idade viu reducións no paro rexistrado para cada un dos tres meses analizados e deuse a circunstancia de que o mes de decembro foi o mellor en termos de redución do paro rexistrado entre as persoas menores de 30 anos, e o peor entre as de 30 o máis anos. A pesar diso, ao remate do trimestre había menos persoas rexistradas como paradas en cada un dos intervalos de idade considerados que ao comezar o trimestre. Respecto do acontecido fai catro trimestres, o paro rexistrado tamén amosa redución para os tres rangos de idade, aínda que segue a existir unha diferenza clara entre o comportamento desta variable entre as persoas de menos de 45 anos e o resto, de xeito que a redución anual do paro rexistrado entre as persoas de 45 ou máis anos foi inferior en máis de 6 puntos porcentuais ao rexistrado para o resto de rangos de idade, o que fai que, durante o ano 2022, este grupo de persoas pasou do 57,7% do total das rexistradas como paradas ao 59,4%.

Se atendemos á evolución segundo os sectores de actividade, e en contraste directo co que sucedeu no anterior trimestre, o sector servizos


No que atinxe á contratación, o impacto da aplicación das novas modalidades de contratación recollidas no *Real Decreto-Lei 32/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a reforma laboral* segue a mediatizar o análise dos datos, xa que as novidades contidas en dito Real Decreto-Lei, e de xeito sobranceiro a chegada dos novos contratos fixos discontinuos, está a provocar unha clara redución do número de contratos asinados e o aumento de novos contratos indefinidos e -aínda que se trata dunha categoría cunha volume de contratos moito menor- dos clasificados coma Outros.

As edicións do *Boletín mensual da contratación* para os tres meses do cuarto trimestre de 2022 indican que a contratación reduciuse respecto do trimestre previo en máis do -22%. En termos interanuais, a contratación segue a descender, e no cuarto trimestre foi inferior á rexistrada

intertrimestral, no cuarto trimestre a caída nos novos contratos indefinidos respecto do terceiro superou o -24%, mesmo por riba da diminución media na contratación. Mes a mes apréciase que, en termos porcentuais, o descenso do número de novos contratos foi cada mes maior (-14% en outubro, -16% en novembro, -26% en decembro). Con todo, a proporción de contratos indefinidos respecto do número total de contratos asinados no período non se está a reducir, e se mantén aproximadamente no 33% do total de contratos, igual que o fixera no pasado trimestre. Para rematar coa comparación co terceiro trimestre, o tipo de novos contratos que máis diminúe son os clasificados como Outros, mentres que os contratos en Prácticas / Formación son os que máis medran, logo dun débil terceiro trimestre. En comparación co cuarto trimestre do ano anterior apréciase con moita claridade a influencia do Real Decreto-Lei 32/2021 na contratación por tipos de contrato, posto que, aínda que se firmaron menos contratos totais que entón, se rexistran incrementos porcentuais de tres cifras nos contratos indefinidos (126%) e outros (360%) mentres que se reducen de xeito cativo os de prácticas/formación e de xeito significativo os temporais, que baixan nun -46% respecto do que acontecera no cuarto trimestre de 2021.

	Afilación media mensual 4º trimestre 2022 Galicia-España			Variacións											
				mes anterior						interanual					
				absoluta			relativa			absoluta			relativa		
	outubro	novembro	decembro	outubro	novembro	decembro	outubro	novembro	decembro	outubro	novembro	decembro	outubro	novembro	decembro
Galicia	1.048.700	1.047.608	1.042.263	-646	-1.092	-5.345	-0,06%	-0,10%	-0,51%	16.050	12.110	9.478	1,55%	1,17%	0,92%
España	20.283.786	20.283.631	20.296.271	103.499	-155	12.640	0,51%	0,00%	0,06%	593.197	531.273	471.360	3,01%	2,69%	2,38%

Fonte: IGE Informe de afiliación á Seguridade Social (segundo datos do Ministerio de Emprego e Seguridade Social)



pasado mes de novembro para ficar por baixo do 2,4% ao remate do ano. O diferencial desta taxa de incremento interanual da afiliación media entre Galicia e España reduciuse no cuarto trimestre e mantívose estable na contorna dos 1.5 puntos porcentuais nos tres meses finais de 2022.

Sinistralidade

Posto que os datos de sinistralidade facilitados polo Instituto de Seguridade e Saúde Laboral de Galicia (ISSGA) están a ser difundidos con periodicidade anual, a partir de agora este Boletín se fará eco deles tan só na edición máis próxima no tempo á súa difusión, e no resto das súas edicións analizará os datos estatísticos elaborados polo Ministerio de Traballo e Economía Social.

Os datos de sinistralidade coñecidos ata o mes de Novembro de 2022 -último dato facilitado polo Ministerio de Traballo e Economía Social- indican unha redución no número de accidentes laborais con baixa en Galicia do -2,4%, e racha deste xeito coa tendencia ao alza observada desde o pasado ano e que aínda se mantiña no pasado mes de Agosto. Dado que os accidentes leves con baixa supuxeron, como é habitual, o 98% do total de accidentes, as tendencias observadas para eles coinciden en grande medida coas totais, mentres que os accidentes graves estanse a reducir nun porcentaxe lixeiramente superior (-3,4%). Tal e como está a acontecer ao longo deste ano, os accidentes mortais superan aos rexistrados nos once primeiros meses do ano anterior nunha alta porcentaxe (máis do 42%) a pesares de que nos últimos meses o seu número estase a reducir respecto aos mesmos meses de 2021. O forte incremento neste grupo de accidentes rexistrado na primeira parte do ano vencélase co trágico naufraxio do pesqueiro Virxe de Pitaxo, como xa se indicara en edicións previas deste Boletín.

Accidentes con baixa en xornada laboral e índices de incidencia por sectores de actividade en Galicia (Xaneiro-Novembro 2021-2022)

	Accidentes con baixa en xornada			Índices de incidencia		
	2021	2022	% Var	2021	2022	% Var
Agríc.-pesca	1.907	1.742	-8,7	336	313	-6,8
Industria	6.257	6.134	-2,0	395	383	-3,0
Construción	3.891	3.847	-1,1	455	441	-3,0
Servizos	12.281	12.020	-2,1	154	147	-4,4
Total	24.336	23.743	-2,4	222	212	-4,3

Fonte: Estadística de accidentes de traballo . Ministerio de Traballo e Economía Social

Accidentes con baixa en xornada laboral por gravidade en Galicia (Xaneiro-Novembro 2021-2022)

	2021	2022	% Var
Leves	23.911	23.312	-2,5
Graves	380	367	-3,4
Mortais	45	64	42,2
Total	24.336	23.743	-2,4

Fonte: Estadística de accidentes de traballo
Ministerio de Traballo e Economía Social

a reducir respecto aos mesmos meses de 2021. O forte incremento neste grupo de accidentes rexistrado na primeira parte do ano vencélase co trágico naufraxio do pesqueiro Virxe de Pitaxo, como xa se indicara en edicións previas deste Boletín. Se atendemos á distribución da sinistralidade por sector de actividade vemos que diminuíu en todos os sectores, e foi o sector agrícola-pesqueiro (-8,6%) o único que amosa diminucións superiores á diminución media, mentres que o resto de sectores rexistra diminucións máis cativas, especialmente na construción. Os índices de incidencia amosan unha tendencia similar no seu comportamento, se ben neste caso a redución porcentual foi superior á redución porcentual de accidentes en -1,9 puntos. Se atendemos aos índices de incidencia, de novo é o sector agrícola-pesqueiro o que amosa unha redución maior. Porén, trátase do único sector de actividade no que a variación porcentual do índice de incidencia foi menor á variación no número de accidentes con baixa.

Conflitividade

Folgas realizadas, persoas traballadoras participantes e xornadas non traballadas Galicia-España (Xaneiro-Setembro 2022)

	Folgas		Persoas traballadoras participantes		Xornadas non traballadas	
	Valores absolutos	Variación sobre o mesmo período do ano anterior	Valores absolutos	Variación sobre o mesmo período do ano anterior	Valores absolutos	Variación sobre o mesmo período do ano anterior
Galicia	30	-5	7.412	2.184	39.060	25.948
España	520	69	112.704	5.216	401.733	118.916

Estadística de huelgas y cierres patronales. Ministerio de Traballo e Economía Social

(datos provisionais - non inclúen folgas xerais)

que o de participantes aumentou no 23% e o número de horas non traballadas o fixo no 40%. Os valores en España para os tres parámetros analizados medraron respecto do período Xaneiro-Setembro de 2021, se ben o fixeron con menor variabilidade que en Galicia, xa que se moveron entre o 12% de incremento no número de folgas, o 4% no número de persoas traballadoras participantes nelas e o 23% nas horas non traballadas.

Se comparamos os datos da conflitividade por folga nos nove primeiros meses de 2022 fronte ao mesmo período de 2019 atopamos reducións moi acusadas para todas as variables analizadas, tanto en España como, de xeito aínda máis acusado, en Galicia.

Expedientes de Regulación de Empleo

Os datos facilitados na Estadística para os dez primeiros meses do ano seguen a amosar unha forte diminución no número de persoas traballadoras en ERE nos distintos tipos de expediente, tanto en Galicia como en España (o -39% e o -54% respectivamente), diminución que se está a producir desde o segundo trimestre do ano pasado. Cómpre sinalar que a redución total en termos porcentuais en España foi 15 puntos superior á galega. Se atendemos

Número de persoas traballadoras afectadas por expedientes de regulación de emprego. Galicia-España Xaneiro-Outubro 2021-2022

	TOTAL			DESPEDIMENTOS COLECTIVOS			SUSPENSIÓN DE CONTRATOS			REDUCCIÓN DE XORNADAS		
	Valores absolutos		Variación respecto ano anterior	Valores absolutos		Variación respecto ano anterior	Valores absolutos		Variación respecto ano anterior	Valores absolutos		Variación respecto ano anterior
	Absolutas	En %		Absolutas	En %		Absolutas	En %		Absolutas	En %	
Galicia España	17.103	-10.739	-39%	751	-113	-13%	15.371	-5.983	-28%	981	-4.283	-81%
	245.542	-288.716	-54%	19.012	-20.006	-51%	195.731	-226.568	-54%	30.799	-42.142	-58%

Estadística de expedientes de regulación de empleo. Ministerio de Trabajo y Economía Social
(Elaboración propia a partir dos datos mensuais facilitados polo Ministerio de Trabajo y Economía Social, al non estar dispoñibles os acumulados)

reducíronse nun -13% en Galicia fronte a redución do -51% en España. Porén, a diminución en traballadores e traballadoras afectadas por ERE de redución de xornada foi moito maior en Galicia, onde o descenso foi do -81%, 25 puntos porcentuais máis que o descenso rexistrado en España para ese tipo de ERE.

Custos laborais e salariais

Custos laborais e salariais. Galicia. 2017-2022

	Custo laboral por persoa traballadora e mes		Custo laboral por hora efectiva		Custo salarial por persoa traballadora e mes		Custo salarial por hora efectiva	
	Euros	% var. int.	Euros	% var. int.	Euros	% var. int.	Euros	% var. int.
2017	2.288,9	1,8	17,7	1,4	1.687,4	1,4	13,0	1,6
2018	2.313,2	1,1	17,9	1,3	1.711,5	1,4	13,1	0,8
2019	2.403,1	3,9	18,7	4,2	1.812,2	5,9	13,7	4,6
2020	2.361,9	-1,7	19,6	4,8	1.738,8	-4,1	14,3	4,4
2021	2.476,7	4,9	19,6	0,1	1.823,0	4,8	14,4	0,0
1T17	2.209,8	0,3	16,1	-4,2	1.610,0	0,9	11,7	-3,6
2T17	2.259,7	1,2	17,1	4,3	1.662,6	1,3	12,6	4,4
3T17	2.258,4	2,0	18,4	2,3	1.651,6	1,7	13,4	2,0
4T17	2.427,6	3,6	19,0	3,8	1.825,5	3,8	14,3	4,0
1T18	2.245,6	1,6	17,0	5,4	1.630,8	1,3	12,3	5,0
2T18	2.301,9	1,9	17,0	5,4	1.699,6	2,2	12,4	-0,9
3T18	2.287,6	1,3	18,6	1,1	1.699,6	0,9	13,5	0,7
4T18	2.417,6	-0,4	19,0	-0,4	1.815,9	-0,5	14,2	-0,5
1T19	2.318,0	3,2	17,3	1,8	1.863,0	3,2	12,4	1,8
2T19	2.400,3	4,3	18,4	7,0	1.777,0	4,6	13,6	9,6
3T19	2.360,5	2,8	19,2	3,7	1.712,7	2,8	14,0	3,7
4T19	2.533,5	4,8	19,8	4,2	1.896,2	4,4	14,8	3,9
1T20	2.324,5	0,3	18,0	4,0	1.693,3	1,8	13,1	5,6
2T20	2.264,8	-5,6	20,6	11,9	1.668,8	-6,1	15,2	11,4
3T20	2.307,8	-1,8	19,3	0,3	1.693,4	-1,1	14,2	1,0
4T20	2.550,5	0,7	20,4	3,3	1.899,9	0,2	15,2	2,8
1T21	2.324,3	0,0	18,4	2,3	1.690,7	-0,2	13,4	2,1
2T21	2.495,4	10,2	19,5	-5,4	1.853,0	11,0	14,5	-4,7
3T21	2.422,3	5	19,5	0,9	1.765,0	4,2	14,2	0,1
4T21	2.664,8	4,5	21,1	3,4	1.983,4	4,4	15,7	3,4
1T22	2.427,5	4,4	18,3	-0,5	1.765,3	4,4	13,3	-0,5
2T22	2.573,7	3,1	19,7	1,1	1.918,9	3,6	14,7	1,5
3T22	2.497,3	3,1	20,2	3,4	1.835,1	4,0	14,8	4,3

Fonte: INE (Encuesta trimestral de coste laboral)

España diminuíu en 1,2 puntos porcentuais neste trimestre e fica no -9,7%.

Os custos laborais e salariais por hora efectiva rexistrados no terceiro trimestre medraron respecto aos do terceiro trimestre de 2021 en 3,4 e 4,3 puntos porcentuais respectivamente. No caso de España medraron tamén, aínda que o fixeron en porcentaxes menores (o 3,0% os custos laborais, e o 3,1% no caso dos custos salariais). Deste xeito, e a diferenza do que se rexistrou nos pasados cinco trimestres, os incrementos porcentuais dos custos por hora efectiva, tanto laborais como salariais, volven a estar por riba dos incrementos porcentuais rexistrados por persoa traballadora e mes.

Sociedades constituídas, disolvidas e ampliacións de capital

Sociedades mercantís creadas ou que amplían capital, 4º Trimestre 2022

	Dato do trimestre		Var. absoluta núm. sociedades constituídas respecto ao trimestre pasado	% variación de capital respecto ao trimestre pasado	Var. absoluta núm. sociedades respecto mesmo trimestre do ano pasado	% variación de capital respecto ao mesmo trimestre do ano pasado
	Núm. sociedades	Capital (miles €)				
Sociedades constituídas	857	21.571,8	111	-41,7%	6	-20,1%
Sociedades que ampliaron capital	244	91.355,9	7	-37,9%	-15	25,0%

Fonte: IGE, a partir de datos do Boletín Oficial do Rexistro Mercantil (BORME)

trimestre quedan lonxe dos capitais invertidos nos trimestres de referencia.

O número de sociedades que ampliaron capital está en liña co número delas no trimestre anterior e no cuarto trimestre de 2021 (un 3% máis e un -6% menos, respectivamente). Porén, se atendemos ao capital invertido, vemos que aínda que o dato queda lonxe do dato do trimestre anterior (que foi o mellor trimestre de 2022 no que atinxe a capital ampliado), si que supera con folgora ao dato de capital ampliado no derradeiro trimestre de 2021.

O número de empresas disolvidas rexistrou un forte incremento do 61% respecto do número do trimestre anterior, se ben mantivéronse por baixo das disolucións rexistradas no cuarto trimestre de 2021 tras se reducir en algo máis do -2%, Pola súa banda, as sociedades que redución capital evolucionaron de forma oposta, logo de diminuír respecto ao do trimestre pasado, aínda que fose nunha porcentaxe cativa (menos do -3%), e medrar en máis dun 12% con respecto ao cuarto trimestre de 2021.

Para rematar coa análise das sociedades mercantís, o número de empresas que foron a concurso de acredores foi preto do dobre das que o fixeron no trimestre pasado, pero descendéron en máis dun -8% se as comparamos co as que foron a concurso no derradeiro trimestre do ano anterior. Rexistráronse dous procesos de escisión de empresas, un menos que no trimestre anterior e catro menos que no cuarto trimestre de 2021, mentres que os procesos de fusión aumentaron ata chegar aos 23, dez máis que no trimestre pasado e un máis que no mesmo trimestre en 2021.

Sociedades mercantís disolvidas, que reducen capital ou en situación concursal, 4º Trimestre 2022

	4T22	3T22	4T21
Sociedades disolvidas	417	259	426
Sociedades que redución capital	72	74	64
Sociedades en situación concursal	74	38	81

Fonte: IGE, a partir de datos do Boletín Oficial do Rexistro Mercantil (BORME)

Actividade do Consello Galego de Relacións Laborais

No remate de 2022, e dentro da súa función consultiva, a Comisión Delegada de Ditames emitiu 47 ditames sobre normativa laboral autonómica, catorce menos dos emitidos ao longo do ano 2021.

Polo que atinxe á súa función de apoio á negociación colectiva a través da xestión de procedementos de solución extraxudicial de conflitos colectivos de traballo, dicir que durante o ano 2022 tiveron entrada no AGA 141 solicitudes de expedientes de mediación ou arbitraxe, 33 máis das que foron recibidas en 2021, o que supón que, por segundo ano consecutivo, en 2022 acadouse un novo máximo histórico no número de solicitudes presentadas. Entre as 82 mediacións e arbitraxes aceptadas polas partes e rematadas ao longo de 2022, a porcentaxe delas que finalizaron con acordo ficou no 79,3%. Así mesmo, durante o derradeiro trimestre de 2022 proseguíu a actividade de mesas negociadoras e Comisións paritarias de sector nas que o Consello proporciona apoio e asistencia.

Para rematar, neste trimestre clausuráronse a V edición do Curso de negociación colectiva e individual no ámbito laboral en colaboración coa Universidade de Vigo e a I edición do Curso de Formación en auditoría xurídico-laboral en colaboración coa Universidade de Santiago de Compostela.

Pode consultar información máis específica da situación da negociación colectiva galega no Boletín da Negociación Colectiva deste Consello:
<https://www.cgri.gal/publicacions-2/negociacion/boletin-do-observatorio-de-negociacion-colectiva/>

